



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE SETEMBRO DO 2019.-**

<p><b>ASISTEN:</b> Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo. Sres. Concelleiros: Dna M<sup>a</sup> Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dn. Emilio Mesías Farías. Dna. Cristina Cadena Freire. D. José Manuel Cendán Fernández Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento Sr. Secretario-Acctal: D. José A. Carballo Feijoo</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as trece horas e nove minutos do día trinta de setembro do dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario-Acctal, o que o é desta Corporación D. José A. Carballo Feijoo.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**Punto núm. 1.- Ratificación cambio de hora sesión plenaria**

Sometida a votación a "Ratificación Cambio de Hora Sesión Plenaria" o Pleno do Concello por 10 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 2BNG) e 3 abstencións (3 PP) acorda prestarlle a aprobación.

**Punto núm. 2.- Aprobación se procede acta da Sesión Anterior 02/09/2019.**

Sometida a votación á acta da sesión ordinaria de data 02/09/2019 o Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 2 BNG e 3PP), acorda prestarlle a aprobación.

**Punto núm. 3.- Ratificación se procede resolución Alcaldía-Presidentencia núm 411 (POS 2019).**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía nº 411/19 de data 13 de setembro de 2019, que a continuación se transcribe;

**RESOLUCIÓN DA ALCALDIA Nº 411/19**

**Alcalde-Presidente**

**D. Julio Ignacio Iglesias Redondo**

Vistas as BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)" POS+ 2019"





Esta Alcaldía en uso das súas competencias, e mais concretamente, co establecido na Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

## RESOLVE:

**Primeiro.-** Anular e deixar sen efectos o Acordo Plenario de data 31/05/2019 no que se acorda "Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 112019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade. solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación. e aprobar os correspondentes proxectos de obras 011 pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 112019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concell	Orzamento
PROYECTO DE APARCAMIENTO EN ANTI	109792,64	5649,65	115442,29
TOTAL	109792,64	5649,65	115442,29
Mayor achega provincial aplicada na 1ª Fase	113933,73		
Mayor achega provincial aplicada na 2ª Fase	109792,64		

**Segundo.-** Proceder a aprobación polo pleno da Anulación do susodito acordo, citado nesta resolución na primeira que este celebre

Así o acorda e dispón o Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo e do que eu como Secretario-Acctal dou fe, en Ares, a trece de setembro dezanove.

O ALCALDE

O SECRETARIO-ACCTAL

Sometida a votación a "Ratificación resolución da Alcaldía-Presidencia núm.. 411 POS 2019" o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL) e 5 abstencións (2 BNG, 3 PP) acorda prestarlle a aprobación.

## Punto núm. 4.- Dar conta dos informes de "ADIF" e "MINISTERIO DE FOMENTO (PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL)

**DE Celina Matías Bértolo**, Delegada de Patrimonio y Urbanismo Noroeste del Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), con domicilio a efectos de notificación en C/ Uría s/n, Estación de Ferrocarril 33003 Oviedo, en representación de la mencionada Entidad Pública Empresarial, para lo que se encuentra debidamente





facultada, así como en nombre y representación de la nueva entidad pública ADIF-ALTA VELOCIDAD en virtud del apoderamiento conferido, ante ese Ayuntamiento comparece y

**EXPONE:**

I. Que mediante escrito del Alcalde-Presidente del Concello de Ares, de fecha 31 de julio de 2019, se solicita informe sectorial al documento del Plan General de Ordenación que ha remitido a la Xunta de Galicia para su Aprobación Definitiva. Acompaña a dicho escrito un C.D. conteniendo el referido documento del PGOM, a la vez que informa que se remite el mismo documento a la S.G. de Planificación de Infraestructuras y de Transporte del Ministerio de Fomento.

11. Que ADIF es una entidad pública empresarial (E.P.E.), adscrita al Ministerio de Fomento, con personalidad jurídica propia y plena capacidad de obrar y patrimonio propio y se rige por lo establecido en la Ley 38/ 2015, de 29 de septiembre del Sector Ferroviario (en adelante LSF), en la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, en su propio Estatuto y las demás normas que le sean de aplicación.

Que de conformidad con lo establecido en la LSF, así como el R. D. 2395/2004 de 30 de diciembre por el que se aprueba el Estatuto de la entidad pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), ésta asume las funciones asignadas al administrador de infraestructuras ferroviarias en relación con la Red Ferroviaria de Interés General (con la última modificación establecida a este respecto en el art. 34 del Real Decreto -ley 4/2013 de 22 de febrero, que determina que las infraestructuras ferroviarias que constituyen la red de titularidad del Estado pasan a ser de titularidad de ADIF).

Que la Administración General del Estado es responsable de la infraestructura ferroviaria, en virtud de la competencia exclusiva que ostenta en materia de obras públicas de interés general y en ferrocarriles y transportes terrestres que transcurran por el territorio de más de una Comunidad Autónoma (artículos 149.1.24. y 149.1.21. de la Constitución Española). Asimismo, corresponde a la Administración General del Estado la regulación de las infraestructuras ferroviarias que integran la Red Ferroviaria de Interés General de acuerdo con lo dispuesto en los artículos 1 y 4 de la Ley 38/2015, de 30 de septiembre, del Sector Ferroviario.

Que, estudiado el contenido de la documentación remitida, esta Entidad Pública, en el ejercicio de sus competencias y con independencia de lo que al respecto pueda informar el Ministerio de Fomento, emite el siguiente

**INFORME**

Antecedentes y normativa general de aplicación:

Por el término municipal de Ares, actualmente no discurre ningún trazado ferroviario, por lo que ADIF no es titular de suelos dentro de ese municipio, sin embargo por el T.M. de Fene, colindante con el de Ares, y muy próxima a su límite geográfico discurre la línea férrea Betanzos Infesta-Ferrol, incluida en la Red Ferroviaria de Interés General, estando





los suelos de dominio público afectos al servicio ferroviario, por lo que son de regulación específica en nuestro ordenamiento jurídico, fundamentalmente mediante las disposiciones contenidas en la ya referida Ley 38/2015 de 30 de septiembre, del Sector Ferroviario, y el Reglamento dictado en explicación de la Ley derogada de 39/2003 de 17 de noviembre y aprobado por R.D. 2387/04 de 30 de diciembre, en tanto no contradiga a la actual. Todas ellas con rango de normas materiales de ordenación directamente aplicables al ferrocarril y, por tanto, superior al de las determinaciones del planeamiento municipal.

En base a la legislación anteriormente señalada y debido a la proximidad de la referida línea al límite del T.M. de Ares a lo largo de su trazado se deberán tener en consideración las limitaciones a la propiedad, relativas a la “zona de dominio público”, “zona de protección” y “línea límite de edificación”, recogidas en el Capítulo III de la ya referida ley del Sector Ferroviarios (LSF).

Asimismo, y con carácter general, se señala que en los ámbitos de las actuaciones urbanísticas colindantes con el Sistema General Ferroviario deberá de respetarse el régimen de distancias especificado en la normativa sectorial ferroviaria mencionada debiéndose someter a informe de esta Entidad Pública todos los instrumentos que establezcan la ordenación detallada y la ejecución material de las actuaciones urbanísticas que se vean afectadas por las mismas.

Oviedo, 21 de agosto de 2019

Dáse con do “Informe sectorial con respecto a posibles afecciones o servidumbres no Plan Xeral de Ordenación Municipal” de data 10 de setembro de 2019 que a continuación se transcribe;

**ASUNTO: PETICIÓN DE INFORME SECTORIAL CON RESPECTO A POSIBLES AFECCIONES O SERVIDUMBRES EN EL PLAN GENERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DEL AYUNTAMIENTO DE ARES**

#### **INFORME TÉCNICO:**

##### **Antecedentes y objetivo del documento**

El Ayuntamiento de Ares ha remitido el documento “Plan General de Ordenación Municipal de Ares”, mediante escrito de fecha 24 de julio de 2019, recibido en esta Subdirección General el 24 de julio de 2019, solicitando la emisión de informe.

La documentación remitida se redacta por la empresa Cerne Ingeniería, S.A. y su promotor es el Ayuntamiento de Ares.

El objeto del documento es la elaboración del Plan General de Ordenación Municipal de Ares para adaptarlo a los condicionantes actuales (Normativos, medioambientales, etc).

Legislación sectorial del Estado

##### *Principios generales*

En los casos en los que se acuerde la redacción, revisión o modificación de un instrumento de planeamiento urbanístico que afecte a líneas ferroviarias, a tramos de las mismas, a otros





elementos de la infraestructura ferroviaria o a las zonas de servicio ferroviario, debe tenerse en cuenta la legislación sectorial ferroviaria, cuyas normas básicas son, en el ámbito de competencia del Estado, la Ley 38/2015, de 29 de septiembre, del sector ferroviario y el Reglamento del Sector Ferroviario aprobado por Real Decreto 2387/2004, de 30 de diciembre.

Los principales aspectos de esta legislación con incidencia en el planeamiento urbanístico son:

Determinar la obligatoriedad de remitir la redacción, revisión o modificación del instrumento de planeamiento urbanístico al Ministerio de Fomento para la emisión de informe, con carácter vinculante en lo relativo a las materias de su competencia.

Establecer en las líneas ferroviarias de competencia estatal una zona de dominio público, otra de protección y un límite de edificación.

Definir las limitaciones a la propiedad de los terrenos incluidos en dichas zonas Zona de dominio público, zona de protección y línea límite de edificación. Limitaciones a la propiedad

De acuerdo con la Ley 38/2015 los planes generales y demás instrumentos generales de ordenación urbanística deben establecer en las líneas ferroviarias de competencia estatal una zona de dominio público, otra de protección y un límite de edificación, y definir las limitaciones a la propiedad de los terrenos incluidos en dichas zonas.

Estas limitaciones a la propiedad se rigen por lo establecido en el Capítulo III de la Ley 38/2015 y por el Real Decreto 2387/2004 por el que se aprueba el Reglamento del Sector Ferroviario en todo lo que no se oponga a la Ley.


En general:

Zona de dominio público: 8 metros a cada lado de la plataforma, medidos desde la arista exterior de la explanación. La ley define dicha arista como la línea de intersección entre el talud (de desmonte o terraplén) o muro de sostenimiento colindante con el terreno natural.

Zona de protección: 70 metros, medidos desde la arista exterior de la explanación.

Línea límite de edificación: 50 metros, medidos desde la arista exterior más próxima de la plataforma. Se considera arista exterior de la plataforma el borde exterior de la estructura construida sobre la explanación, que sustenta la vía y los elementos destinados al funcionamiento de los trenes.





En el suelo clasificado por el planeamiento urbanístico como urbano o urbanizable, y siempre que el mismo cuente con el planeamiento más preciso, que requiera la legislación urbanística aplicable, para iniciar su ejecución:

- Zona de dominio público: 5 metros, desde la arista exterior de la explanación.
- Zona de protección: 8 metros, desde la arista exterior de la explanación.

En el caso de zona urbana:

- Línea límite de edificación: 20 metros, desde la arista exterior más próxima de la plataforma.
- Líneas de ferrocarril de competencia estatal en el entorno del documento

### Líneas de ferrocarril en servicio

Por el termino municipal de Ares no discurre ninguna línea férrea, aunque si se ve afectado por las limitaciones a la propiedad impuestas por la línea férrea de ancho ibérico 06-804-Betanzos Infesta - Ferrol que discurre en el término municipal limítrofe de Mugaros. Se trata de una infraestructura perteneciente a la Red Ferroviaria de Interés General de titularidad del Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF).

### Actuaciones en el ámbito del documento urbanístico

Por parte de la Subdirección General de Planificación Ferroviaria no hay previstas a corto/medio plazo actuaciones que afecten al ámbito definido en el documento.

### Conclusiones del análisis del documento urbanístico

La Ley del sector ferroviario indica en su artículo 7.2, tal como se hace referencia en el apartado 2.1 de este informe, la obligatoriedad de remitir con carácter previo a su aprobación inicial la redacción, revisión o modificación del instrumento de planeamiento urbanístico al Ministerio de





Fomento para la emisión de informe, con carácter vinculante en lo relativo a las materias de su competencia.

La solicitud del informe se produce una vez que ya se ha aprobado de forma inicial el instrumento urbanístico, en este caso el Plan General de ordenación municipal de Ares.

La normativa ferroviaria vigente es la Ley 38/2015, de 29 de septiembre, del sector ferroviario y el Reglamento del Sector Ferroviario aprobado por Real Decreto 2387/2004, de 30 de diciembre, en vigor en todo aquello que no se oponga a la Ley del sector ferroviario.

Se deberá actualizar el documento donde se hace referencia a la normativa sectorial de aplicación.

La Ley del sector ferroviario antes mencionada determina que los terrenos ocupados por las infraestructuras que formen parte de la Red Ferroviaria de Interés General deberán ser calificados como sistema general ferroviario o equivalente, de titularidad estatal, y no incluirán determinaciones que impidan o perturben el ejercicio de las competencias atribuidas al administrador de infraestructuras ferroviarias.

En la documentación aportada se clasifica el suelo ocupado por las líneas férreas y el terreno afectado con las limitaciones a la propiedad, como "suelo rustico de protección de infraestructuras". Esta denominación solo es necesaria en el suelo ocupado por las infraestructuras que formen parte de la Red Ferroviarias de Interés General, no siendo necesario clasificar las zonas afectadas con limitaciones a la propiedad con esta denominación.

Asimismo, la Ley del sector ferroviario indica que los planes generales y demás instrumentos generales de ordenación urbanística deben establecer en las líneas ferroviarias de competencia estatal una zona de dominio público, otra de protección y un límite de edificación, y definir las limitaciones a la propiedad de los terrenos incluidos en dichas zonas.

Estas zonas y limitaciones se describen correctamente en el texto del documento objeto de estudio sin embargo en la documentación gráfica analizada, no se indican las zonas de protección (Dominio público, protección y límite de edificación), solamente la zona de afección general de la infraestructura. Se recomienda incluir además una sección transversal representativa de la zona de estudio para asegurar el cumplimiento de la legislación ferroviaria.

De igual forma, tal como indica la Ley del Sector Ferroviario en su artículo 15.1, se recuerda que en los túneles y en las líneas férreas soterradas o cubiertas con losas no será de aplicación la línea límite de la edificación, siempre que sea compatible con la seguridad y explotación ferroviaria.

La Subdirección General de Planificación Ferroviaria no tiene previstas a corto/medio plazo actuaciones en la línea 06-804-Betanzos Infesta - Ferrol que afecten al ámbito definido en el documento, por lo que una vez subsanadas las deficiencias señaladas, desde el punto de vista de la planificación ferroviaria no existe inconveniente en continuar la tramitación del nuevo Plan General de Ordenación Municipal del Ayuntamiento de Ares objeto de este informe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

**Punto núm. 5.- Proposta do Concelleiro de Seguridade sobre Agradecemento da Corporación Auxiliares da Policía e Protección Civil.**





Dáse conta da proposta do concelleiro de seguridade sobre “Agradecemento da Corporación a Auxiliares da Policía e Protección Civil” de data 15 de setembro de 2019 do seguinte teor literal;

### PROPOSTA DO CONCELEIRO DE SEGURIDADE

Vista o Informe do Xefe-Accidental da Policía Local deste Concello, diante da actuación realizada polos Auxiliares da Policía Local D. IVAN MARTINEZ DUBRA e DÑA. RODRÍGUEZ NIÑO no accidente ocorrido o pasado día 29 de Agosto en Seselle onde tres membros dunha mesma familia sufriron un accidente cos cables do tendido eléctrico. Sendo auxiliados polos citados Policias levando incluso labores de reanimación con algún férído que se encontraba en situación de parada respiratoria.

Asimismo vista o díspostivo montado polo Servicio de Protección Civil do Concello no citado incidente dirixido polo seu Coordinador D. CARLOS RIVERA LOPEZ.

Esta Concellería propón o Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

12.- Mostrar o Agradecimiento público da Corporación os Auxiliares da Policía Local D. IVAN MARTINEZ DUBRA e DNA MARIA RODRÍGUEZ NIÑO. Dito agradecemento que se fara constar na súa folla de servicios.

22.- Asimesmo mostrar o Agradecemento da Corporación os membros da Agrupación de Voluntarios Protección Civil do Concello, pola actuación no referido incidente e en especial o seu Coordinador D. Carlos Rivera Lopez, así como polo conxunto de servicios que veñen prestando dun xeito totalmente desinteresado.

Ares, 15 de setembro de 2019.-

O CONCELEIRO DE SEGURIDADE CIDADA

Intervén o Sr. Alcalde preguntando se hai algunha intervención.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifestando a súa ratificación.

Sometida a votación á Proposta do Concelleiro de Seguridade sobre “Agradecemento da Corporación a Auxiliares da Policía e Protección Civil” o Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 2 BNG e 3PP), acorda prestarlle a aprobación.

Unha vez sometido punto a votación o Sr. Alcalde manifesta que en nome de toda a corporación daros as grazas pola vosa actuación que eu presenciei tanto aos Auxiliares da Policía Local así como aos voluntarios de Protección Civil a Carlos e a todos pola vosa dispoñibilidade e sobre todo pola vosa actuación neste fatídico incidente que seguramente impediu danos maiores e en consecuencia como o pleno é a primeira vez que fai un recoñecemento deste xeito, pois simplemente agradecer.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención.

Non hai intervencións.







Intervén o Coordinador de Protección Civil D. Carlos Rivera López para agradecer a corporación municipal o acto de recoñecemento.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que queda aprobada a proposta do Concelleiro de Seguridade e polo tanto faranse constar nas follas de servizo esa intervención e o agradecemento de toda a corporación, e novamente moitas grazas.

#### **Punto núm. 6.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

#### **Punto núm. 7.- Mocións-Propostas.**

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai unha moción presentada en tempo e forma que é a moción do BNG en relación a “Emerxencia Climática” e hai outra presentada polo PP presentada pola vía de urxencia

Dáse conta da moción do BNG en relación coa “Emerxencia Climática e a mobilización do 27 de Setembro polo clima” de data 23 e setembro do 2019 do seguinte teor literal;

#### **MOCIÓN EN RELACIÓN COA EMERXENCIA CLIMÁTICA E A MOBILIZACIÓN DO 27 DE SETEMBRO POLO CLIMA**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Ares, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á emerxencia climática e a mobilización do 27 de setembro polo clima.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O vindeiro venres 27 de setembro está convocada unha mobilización mundial en defensa do planeta e para facerlle fronte ás ameazas e riscos derivados da chamada “crise do clima”. Trátase dunha chamada de atención diante do inexorábel “cambio climático” e da incapacidade de organismos internacionais e grandes corporacións para facerlles fronte.

A proba máis evidente desta crise son os recentes informes de dous organismos internacionais dependentes das Nacións Unidas: o Panel Intergubernamental sobre o Cambio Climático (IPCC) e a Plataforma Intergubernamental de Biodiversidade e Servizos Ecosistémicos (IPBES). Estes informes fixeron saltar as alarmas sobre a catástrofe ambiental e humana a que está abocada o planeta se non se produce un drástico cambio de rumbo, xa que non se están cumprindo os obxectivos marcados nos sucesivos cumios do clima e os acordos internacionais ao respecto.

Non é tempo pois de “bágoas de crocodilo” nin de declaracións para a galería. É tempo de actuar, e de facelo con determinación. Cómpre aprobar un plan de acción que vaia ás causas do problema, non que simplemente minimice, atenúe e atrase as súas gravísimas consecuencias.





Dada a magnitude e as graves consecuencias que está a ter xa a “emerxencia climática”, consideramos necesario enfrontala desde unha tripla dimensión: a global, a galega e a local.

En primeiro lugar, nunha perspectiva global, cómpre denunciar o interese en poñer o foco de atención nas consecuencias da crise climática (incremento das temperaturas, seca, escaseza de recursos, destrución da biodiversidade, ameazas para a saúde) e non nas súas causas: sistema económico capitalista depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas...

Cómpre polo tanto denunciar as consecuencias da actual fase do capitalismo e explicar a crise climática nese contexto, poñendo en relación as agresións ao medio coas desigualdades económicas e sociais e as opresións nacionais e de clase.

**En segundo termo, desde unha perspectiva galega é necesario ter en conta o papel de Galiza na economía estatal e mundial** como fornecedora de materias primas, mediante o desenvolvemento de actividades extractivas e depredadoras que teñen altos custos ambientais e escasos beneficios sociais e para o país no seu conxunto. En consecuencia, débese situar no centro do debate as consecuencias para o clima, para a saúde, para a cohesión social e territorial e para o benestar colectivo das actividades extractivas de sectores como o enerxético, industrial, forestal, megamineiro, a mobilidade, o ciclo da auga, a xeración e xestión dos residuos, os macrocentros comerciais... defendendo un modelo alternativo que poña o relevo na sustentabilidade, na xustiza social, no equilibrio ambiental e no beneficio colectivo para o noso país.

En terceiro lugar, é necesario considerar como afecta a emerxencia climática no ámbito local e as medidas que poden desenvolver os concellos e deputación, no seu ámbito de competencia, para facerlle fronte a este desafío, mediante a redución da pegada ecolóxica con actuacións no ámbito do urbanismo, a mobilidade, a enerxía, a xestión dos residuos, a xestión do ciclo da auga, ou a aposta por un desenvolvemento económico máis sustentábel e máis xusto que fomente os recursos propios, as cadeas de valor e o comercio de proximidade.

O debate sobre a emerxencia climática é un terreo cheo de trampas, cheo de declaracións para a galería, de boas intencións e de posturas cosméticas. Todo o mundo se apunta á moda do verde, do sustentábel, da economía circular, mesmo aqueles gobernos e grandes corporacións que traballan xusto no sentido contrario e que son os principais responsábeis da crise do clima. Por iso precisamos menos declaracións e máis actuacións, menos posturo e máis medidas efectivas para cambiar o rumbo dun mundo que vai camiño da catástrofe.

Polo anteriormente exposto, o BNG presenta a seguinte Moción para o debate no pleno.

O grupo municipal do BNG solicita do Pleno da corporación a adopción do seguinte Acordo





Apoiar a mobilización mundial en defensa do clima do 27 de setembro e organizar actividades dirixidas á sensibilización da poboación sobre as causas e consecuencias da emerxencia climática.

Denunciar a responsabilidade dos gobernos, especialmente os dos países desenvolvidos, e das grandes corporacións na actual crise climática, e esixir ao Estado español e á UE que desenvolva medidas eficaces para facerlle fronte ás causas deste grave problema, que teñen que ver con un sistema económico depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas.

Reclamar ao goberno da Xunta de Galiza que desenvolva un marco legislativo e estratexias concertadas con todos os axentes económicos, sociais e institucionais para loitar eficazmente contra as causas da emerxencia climática, mudando de raíz as súas políticas en relación coa ordenación do territorio, a protección da paisaxe e dos ecosistemas, a mobilidade, a xestión dos residuos, a enerxía, a minaría, a xestión da auga e en xeral as políticas económicas que fomentan a depredación dos recursos, a despoboación e o empobrecemento.

Impulsar/seguir impulsando actuacións encamiñadas a minguar a pegada ecolóxica no seu ámbito xeográfico desenvolvendo as seguintes medidas no período 2019-2023:

Aposta por fontes de enerxías renovábeis no abastecemento, polo aforro e a eficiencia no consumo, e por un modelo enerxético sustentábel, xusto, accesíbel para os sectores máis desfavorecidos e que estea ao servizo do desenvolvemento das comunidades locais e da economía galega.

Desenvolvemento dun modelo de mobilidade sustentábel, saudábel e seguro, que potencie a mobilidade natural (a pé, en bici) e o transporte colectivo, e que restrinxa ao estritamente necesario a uso dos vehículos privados a motor.

Desenvolvemento de modelos urbanos compactos, accesíbeis, amabéis e integradores, que favorezan a cohesión social, a creación de espazos públicos e zonas verdes seguras e accesíbeis, o dinamismo social e a actividade económica e comercial de proximidade.

Desenvolvemento de sistemas de xestión de residuos que promovan a redución, que fomenten a reutilización e que establezan o tratamento de proximidade dos biorresiduos primando a compostaxe domiciliaria e comunitaria. Demanda da implantación de sistemas de depósito, devolución e retorno para envases e embalaxes

Implantación de sistemas de xestión pública do ciclo da auga que prioricen o aforro, a reutilización, a eficiencia das redes de distribución e tratamento, e a sensibilización social sobre o uso sustentábel da auga. Apoio a sistemas de xestión comunitaria da auga que primen o aforro, a eficiencia das redes de distribución, o consumo responsábel e a reutilización dos recursos.

Fomento da produción e o consumo de proximidade, potenciando iniciativas de produción e comercialización de produtos locais.





Potenciar os espazos naturais protexidos e a súa conectividade e impulsar iniciativas de posta en valor do monte apostando pola multifuncionalidade e a limitación das especies forestais como o eucalipto que degradan e empobrecen os ecosistemas.

Creación dun comité ou gabinete de acción contra a emerxencia climática, en coordinación con outras instancias institucionais. O obxectivo deste comité é analizar, propoñer e coordinar todas as actuacións da institución para facerlle fronte á crise climática tendo en conta as competencias na materia, que poderán ter a condición de Plan Director ou Plan Estratéxico fronte á emerxencia climática. A súa elaboración, desenvolvemento, seguimento e avaliación farase coa máxima participación social, coa necesaria perspectiva de xénero e con criterios de transparencia.

En Ares a 23 de Setembro de 2019

Asdo.: Emilio Mesías Farías

(Concelleiro Portavoz do GM do BNG)

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que cree que o que falamos o outro día na xunta de voceiros senón hai ningún problema e os grupos non van a manifestar o seu voto en contra, debido a situación do pleno de hoxe debido ao atraso con tal de dar lectura ao petitum de maneira abreviada, a moción a tedes todos os grupos e si non hai nada se da lectura e se vota.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que non entendeu que perdoe.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías explicando que non van a facer unha defensa da moción a non ser que algún grupo queira dicir algo.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que teñen una emenda transaccional que a imos pasar aos grupos e si a aceptan nos imos a abster na moción.

Dáse conta da emenda transaccional presentada polo grupo municipal PP "MOCIÓN SOBRE EMERXENCIA CLIMÁTICA".

### **MOCIÓN SOBRE EMERXENCIA CLIMÁTICA**

El grupo municipal del Partido Popular en el Concello de Ares, con domicilio a efecto de

Notificación la que el propio grupo tiene en el citado concello solicita a seguinte emenda trasaccional





"O concello de Ares insta á Xunta de Galicia a declarar o estado de emerxencia climática en Galicia, co obxectivo primordial de comprometer as políticas do *gobierno galega en facer fronte á emerxencia e acadar a neutralidade climática antes do ano 2050*, para o que *cómpre activar coa máxima urxencia as medidas da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía e fomentar a adhesión de todos os concellos de Galicia ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía ofrecéndolles asesoramento personalizado para mellorar a súa eficiencia enerxética e a súa resiliencia fronte ao cambio climático.*

Ao tempo, ínstase á Xunta de Galicia a que a atención a esta emerxencia climática se acompañe coas necesidades do emprego e a industria en Galicia, solicitando do goberno de España un proceso de transición enerxética máis ordenado e xusto, con investimento innovador en tecno/oxías de redución de emisión e con accións compensatorias para as comarcas nas que os obxectivos climáticos para o 2050 supoñan impactos significativos para a súa economía e emprego".

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando a que punto afecta a emenda.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que afecta a dous temas, un pouco ao tema da Xunta de Galicia implicar ao concello e se non está incluído o concello que se inclúa quedan cento cincuenta e pico concello sen incluír e creo que é fundamental que os concellos están representados e que apoiem as medidas que vanse a poñer de manifesto e somos fundamentais ao respecto do proceso este, o tema de SOGAMA hai unha serie de melloras que se están facendo que son participes os concellos e aquí teñen que participar e estar incorporados non soamente a Xunta de Galicia e o Goberno Central senón tamén os concellos que son os verdadeiros artífices da situación a parte das leis que fagan as comunidades autónomas e o goberno central.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que lendo o texto no sei moi ben se a moción trata de reformular algún puntos ou simplemente o que pretende e eliminar todos os puntos que ten e quedarse con este texto real.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non, que xa expliquei que fundamentalmente o que é a base da moción coindicimos o que pasa é que estamos nun concello no que temos que tomar acordos, e creo que o concello de Ares debe implicase como o resto dos concellos de Galicia.

Toma a palabra novamente o Sr. Mesías Farías dicindo que como ben di e algo xenérico esta moción e entende esta moción o espírito desta petición e polo tanto todo o que di está incluído aí senón dunha maneira concreta, si dunha maneira xeral do que se trata cando falamos deste tema en primeira instancia e centrar o tema que hai un problema co tema do clima e unha vez centrado despois iría xa a puntos máis concretos tendo tamén en conta as circunstancias das características de cada concello polo tanto, entendemos que non debemos incluír estes puntos que propón o PP e propoñemos que se aprobe a moción tal e como foi presentada.





Intervén o Sr. Alcalde manifestando que non se acepta por parte do BNG que é o que presenta a moción a emenda do PP e en consecuencia procedemos a votar a emenda.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicir que hai un pacto de alcaldes que é unha rede que foi promovida pola comisión europea impulsada pola Xunta de Galicia que non é ningunha broma quero dicir, que estamos falando dunha cousa que está promovida dende Europa e que están pedindo implicar aos concellos, creo que si deixamos isto pendente e aprobamos unha cousa xenérica cando o concello practicamente ten que estar involucrado na comisión europea creo que si non estamos como dixen antes hai cento e pico de concellos que están incorporados e quedan cento cincuenta e sete eu creo que iso é fundamental senón estamos pois nos adherimos e se estamos pois xa nada xa non hai que aprobalo porque xa estamos adheridos ao que mandan as directrices europeas pois nada, eu non o sei o alcalde o sabra si estamos ou non adheridos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non estamos adheridos porque a adhesión a ese pacto estamos ao marxe do tema industrial e estamos pagando o tema de ENDESA e xa o pagamos con ELINCO, POLIGAL e efectivamente a moción presentada polo BNG é digna de ser apoiada porque non se anda con vereas a túa si se anda con vereas porque pides a adhesión do concello a ese pacto.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que estamos obrigados.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que cando veña ao pleno o debateremos de momento non estamos obrigados e logo efectivamente o segundo parágrafo "solicitando do goberno de España un proceso de transición enerxética máis ordenada e xusta, con investimento innovador en tecnoloxías de redución de emisión e con accións compensatorias para as comarcas" isto vai na liña do que falamos de Ferrol non se pode mesturar unha cousa con outra, por iso efectivamente si mantés a emenda a votamos salvo que o voceiro do BNG teña algo que dicir na súa segunda quenda de intervencións.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que simplemente facer constar que non acepto a emenda.

O Sr. Alcalde somete a votación a emenda presentada polo PP

Sometida a votación á emenda transaccional do PP, o Pleno do Concello por, 3 votos a favor (3PP), 9 votos en contra (7 PSdG-PSOE, 2 BNG), e 1 abstención (1NAL) acorda rexeitar a emenda.

O Sr. Alcalde somete a votación moción presentada polo BNG.

Sometida a votación á moción presentada polo BNG "MOCIÓN EN RELACIÓN COA EMERXENCIA CLIMÁTICA E A MOBILIZACIÓN DO 27 DE SETEMBRO POLO CLIMA" o Pleno do Concello por 10 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 2 BNG, 1 NAL), e 3 abstención (3PP) acorda aprobala moción.

Antes de entrar na quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.





O Sr. Alcalde di que hai dous e polo tanto ímolas a debater polo orden de presentación primeiro presentouna o PP e agora acaba de facelo o BNG.

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP "MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN URGENTE DE MEDIDAS QUE SALVEN O FUTURO DA CENTRAL TÉRMICA DE AS PONTES" de data 30 de setembro de 2019 do seguinte teor literal:

**O Grupo Municipal do Partido Popular**, ante a fonda preocupación que sentimos en relación coas últimas noticias coñecidas en torno ao peche da Central Térmica de As Pontes que requiren da adopción de medidas urxentes; ao amparo do disposto no artigo 78.2 do *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais* solicita, coa sinatura preceptiva dun mínimo da cuarta parte dos concelleiros desta corporación, a convocatoria urxente dun PLENO EXTRAORDINARIO cunha Orde do Día no que se inclúe o seguinte punto:

## **MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN URGENTE DE MEDIDAS QUE SALVEN O FUTURO DA CENTRAL TÉRMICA DE AS PONTES**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A central térmica de As Pontes é o maior grupo de produción de enerxía de Galicia, dá emprego directo a 700 persoas e xera un impacto económico na zona de 80 millóns de euros ao ano.

Dede marzo de 2018 a instalación estaba inmersa na adaptación á

Directiva de Emisións industriais da Unión Europea, comprometendo un investimento de 217 millóns de euros para garantir unha alta eficiencia ambiental e cumprir máis aló dos requisitos desta norma comunitaria.

A Central Térmica acordou a paralización da súa actividade dende hai cinco meses e suspendeu gran parte da execución do investimento previsto, como consecuencia dunha política enerxética desordenada por parte do Goberno de España que avoga polo abandono anticipado do carbón sen dar resposta ás consecuencias en termos de actividade económica e emprego nos territorios afectados, nin en termos de garantías da subministración eléctrica a un prezo competitivo.

Esta situación xa viña senda moi preocupante polas súas consecuencias sobre os traballadores, empresas e sectores, en xeral, vinculados a esta central, especialmente os transportistas, que levan cinco meses sen poder traballar.

O pasado día 27 de setembro, ENDESA comunicaba a discontinuidade da produción das súas centrais térmicas, entre elas, a de As Pontes, é dicir, o seu próximo peche. Esta decisión ten unhas implicacións dramáticas para Galicia, en xeral, e para a comarca de Ferrolterra, Eume e Ortega!, Terra Cha e Mariña Lucense en particular.

Este peche materializaría a perda de centos de empregos nestes Concellos e tería un impacto económico e social cunhas consecuencias dramáticas para estas comarcas. Non podemos tolerar esta situación nin manernos impasibles ante o desmantelamento dun sector económico que xera





moita riqueza e do que viven centos das nosas familias e, por iso, debemos amosar a unidade de acción que os nosos veciños se merecen para denunciar este novo castigo e esixir inmediatamente solucións que garantan o futuro e os empregos e eviten una nova reconversión industrial nesta zona.

É por iso que, o Grupo Municipal Popular presenta esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción dos seguintes ACORDOS:

O Pleno do Concello de Ares amasa todo o seu apoio e solidariedade cos traballadores da Central Térmica de ENDESA en As Pontes, coa industria auxiliar e cos transportistas vencellados a ela e co Porto de Ferrol, esixindo do Goberno de España a aplicación de medidas urxentes para garantir a inmediata reapertura da central de As Pontes, e no caso contrario a dimisión da Ministra de Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, principal responsable da situación da central pontesa.

Ares, a 30 de setembro de 2019.

D. José Manuel Cendán Fernández

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que a moción do grupo municipal do PP de Ares que presenta pola vía de urxencia é un pouco o que ven a acontecer en ENDESA na central térmica das Pontes en consecuencia ten unha exposición de motivos e ten un petitum de adoptar o seguinte acordo "O Pleno do Concello de Ares amasa todo o seu apoio e solidariedade cos traballadores da Central Térmica de ENDESA en As Pontes, coa industria auxiliar e cos transportistas vencellados a ela e co Porto de Ferrol, esixindo do Goberno de España a aplicación de medidas urxentes para garantir a inmediata reapertura da central de As Pontes, e no caso contrario a dimisión da Ministra de Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, principal responsable da situación da central pontesa", non lle cedín a palabra ao voceiro do PP porque primeiro hai que votar a urxencia si se aproba a urxencia se lle da a palabra ao voceiro do PP para que a expoña. Nós vimos de Ferrol dunha reunión de vinte e cinco alcaldes que está votando declaración institucional a este respecto e ademais aprobamos por unanimidade pedir unha entrevista coa Ministra de Industria e co Conselleiro de Industria porque é certo que hai empresas que están vencelladas a política industrial do estado e moitas das auxiliares están vencelladas a Xunta porque son de competencia autonómica en consecuencia, eu pediría que se retirara a moción en alas de esa unanimidade que estamos a ter Alfonso o Alcalde de Cee do PP fixo hoxe un pouco de voceiro do seu partido e os alcaldes do BNG de San Sadurniño e Moeche fixeron de voceiros do seu partido os de Narón tamén fixeron un pouco ese papel a Alcaldesa de Mugardos representando a Unidas Podemos ou a Marea e o Alcalde de Ferrol fixo de representante do PSdeG pero ben quería que se retirara en alas de seguir traballando nesa unanimidade de todos os Alcaldes con independencia do seu cor político.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP si a retira e senón a retira pois procedemos a votar a urxencia







Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifesta que non temos coñecemento dos acordos que se chegaron e mentres non se nos informe imos a seguir mantendo a moción e se non se debate pois xa se debaterá.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que pides cousas que non estamos pedindo os demais.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que por iso, non estamos falando de ENDESA estamos falando de ALCOA de POLIGAL son temas distintos

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o PP está inmerso nesa declaración conxunta entón preferiría que o Concello de Ares aprobara o que veu desa reunión de Alcaldes e mellor aprobar o que ven da man de todos que o que ven só da man do PP de Ares.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que iso tamén o teño claro pero nós non temos os acordos entón mentres eu non teña os acordos imos a seguir defendo a ENDESA.

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción.

Sometida a votación a urxencia da “MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN URXENTE DE MEDIDAS QUE SALVEN O FUTURO DA CENTRAL TÉRMICA DE AS PONTES” presentada polo grupo PP o Pleno do Concello por 11 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 3 PP, 1 NAL), e 2 abstención (2BNG) acorda prestarlle a súa aprobación.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a situación é que queren pechar ENDESA xa que nas Pontes hai unha política enerxética por parte da Ministra que quere pechar as térmicas e creo que despois dunha aposta no ano 2018 en que ENDESA ía a facer unha transformación para adaptarse a normativa europea inverteron 217 millóns de euros pois creo que nós temos que apoiar iso e mentres se poda temos ata 2030 e unha ampliación ata o 2045 temos que dicir que en Europa un país punteiro como é Alemania vai manter as térmicas ata que o permita a comunidade europea, temos que dicir que As Pontes foi un motor económico importante na comarca, que é un concello o primeiro de renda percapita e de xubilacións e o segundo despois do millonario concello de Oleiros que é o concello máis rico de Galicia e dicir que nos estamos xogando a ampliación do porto exterior e o sesenta por cento do tránsito do porto de Ferrol acabouse para ENDESA. Creo que a parte de isto a Ministra pechou o cerco enerxético as térmicas levándoas a unha difícil situación e tamén dicir que si as térmicas non funcionan o recibo da luz vaise a disparar, aparte do sector industrial que conlevan as comarcas conleva trescentos e pico postos de traballo e a riqueza creemos que imos a incrementar o recibo da luz e ese foi o motivo de obrigarlles a inverter douscentos millóns de euros en prepararse para a ordenanza de Europa, creo que o punto é claro apoiar xa se apoiou por parte do Alcalde e creo que o único fin é apoiar a industria que se adapte a normativa e como todos os europeos si se pode aforrar enerxía e nós a temos cara e a temos que mercar creo que é fundamental que a temos que manter que xa vivimos a situación de reconversión naval en Ferrol e volver a ter outra reconversión estamos falando de centos de postos de traballos directos transportes, empresas auxiliares indirectos creo que é fundamental que esta comarca debe defender ata onde lle permita a lei defender a viabilidade de ENDESA.





Remata o Sr. José Manuel Cendán Fernández a súa intervención.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que propoñemos unha emenda a totalidade in boxe, pedimos substituír a exposición de motivos e o petitum desta emenda cunha frase moi simple que sería "O Concello de Ares respalda todos os acordos que podan ser acadados no seno da reunión de Alcaldes convocado a efecto polo Alcalde de Ferrol con todos os Alcaldes de cinco comarcas no día de hoxe" entón propoño que como emenda, emenda a totalidade da moción que se verá respaldado o que acorde a reunión de alcaldes.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que el é partidario tanto si hai un acordo da deputación como dos municipios dos alcaldes apoialos pero mentres non sexa firme o acordo de todos os alcaldes imos manter a moción eu sempre dixen aquí que en todos os acordos sexa de violencia de xénero sempre buscar unha declaración institucional veña dada pola deputación ou pola xunta de alcaldes nós a imos a apoiar, de momento non hai ningún acordo firme por iso nós ímola a manter non é por outro motivo, si hai un acordo firme ímolo a apoiar.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que considera que efectivamente o alcalde o dixo moi ben que ven hoxe dunha reunión convocada en Ferrol con alcaldes das comarcas Ferrolterra, Ferrol-Ortegal, Coruña eu creo que aí seguro que se tomaron algunhas decisións que si que é certo que nós aínda non temos a concreción de cales foron os acordos.

Interrompe o Sr. Alcalde explicando que foi a primeira reunión e acordamos constituír un grupo de traballo para facer unha táboa de reivindicacións e acordamos levala ao Ministerio de Industria e a Consellería de Industria, a táboa de reivindicacións aínda está por facerse ten que ser consensuada por todos os alcaldes quedaban niso cando eu vin para o pleno porque si me quedo tamén para iso non hai pleno.

Continúa o Sr. Mesías Farías manifestando que o que quere dicir é que realmente estase comezando con este traballo con esta reunión de alcaldes, non sabemos si vai a haber un acordo unánime por parte de todos os grupos como acaba de dicir, os representantes de cada grupo de cada partido que acaba de dicir nesa reunión porque non sabemos porque o alcalde de Cervo se levantou e se foi-

Interrompe o Sr. Alcalde dicindo que non se foi, o alcalde de Cervo falou eu dixen que tiña pleno entón eu me levantei entón o alcalde de Ferrol saíu para a foto e os que se teñan que ir que se vaian e nos volvemos a reunir para a táboa de reivindicación entón eu vin para aquí, si se levantou na segunda parte da reunión non o sei porque eu vin para aquí.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que o que quere e centrar o debate na viabilidade ou en que favorece a situación desta moción, nós creemos que non ten moito sentido esta moción do PP porque entre outras cousas aí o que pide e que todos imos a defender sería apoio e solidariedade da Central Térmica coa industria auxiliar e cos transportistas e esixindo unha aplicación de medidas urxentes para garantir a inmediata reapertura da central de As Pontes, nós non sabíamos que xa estaba pechada pero e en todo caso, no caso contrario a dimisión da Ministra de Transición Ecolóxica Dña. Teresa Rivera principal responsable da situación, paréceme





moi ben pero isto que solucionaríase senón hai unhas medidas pedir unha dimisión que imos a sacar aquí o noso ego para tumbar a Ministra que non vai a dimitir quero dicir, isto non é unha solución. Nós entendemos que como hai esa reunión previa de alcaldes que ao noso grupo nos gustaría ter toda a información entendemos senón acepta de retirala como dixo o Alcalde nós imos a votar en contra pero imos a votar en contra desta moción non porque non estivemos de acordo con algunha das partes senón porque hai unha reunión supramunicipal que está traballando nisto. Tampouco entendemos esa petición ou esa emenda do grupo de goberno e polo tanto no a podemos apoiar porque pide anexionarse a futuros acordos desa reunión de alcaldes claro, nós non sabemos como vai a ir o traballo de esa reunión de alcaldes porque sabemos que hai distintos partidos e sabemos que cada un ten que defender a súa postura coherentemente entón nós, non nos podemos atar a un acordo que non sabemos como vai ser e sobre todo porque entendemos que si o Alcalde defende nunha reunión de distintos alcaldes está representando ao pleno polo tanto non é necesaria por parte do pleno anexionarse a esa representación que xa fixo o Alcalde sempre e cando sexa unha defensa que fixeran os alcaldes de todos os grupos políticos polo tanto sería incidir sobre o mesmo que neste caso sería innecesario polo tanto, o noso voto sería en contra da vosa moción da do PP e no seu caso se o Alcalde mantén a emenda tamén o noso voto sería en contra por esa razón por acordos futuros dos cales nós non temos coñecemento.

Remata o Sr.Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde explicando que a emenda do PSdeG-PSOE é adherirnos a ese grupo de traballo, o grupo de traballo aínda ten que traballar pero de momento xa se manifestou en contra do peche de ENDESA e xa se manifestou a favor loxicamente de medidas que corrixan esa situación e que axuden un pouco a que o resto de empresas que están preto da crise e que perde traballo que o Goberno no seu ámbito sectorial e a Consellería da Xunta o que corresponde as empresas de competencia autonómica dalgunha maneira lideren solucións para que o resto da comarca non siga indo a peor, porque estamos indo a peor o último pau xa é ENDESA o pouco que quedaba é un pouco esa situación entón ben, propoño esa emenda precisamente para que non se aprobe esa redacción que é a moción do PP de Ares, basicamente non estamos de acordo con esa moción é por salvar a situación apoiando o traballo do grupo de alcaldes que van a traballar e a pedir entrevistas con todos os alcaldes de todos os cores políticos para buscar solucións.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández por alusións do BNG, eu creo que Emilio non me escoitou ben, eu creo que o goberno no 2018 o ano pasado en marzo do 2018, sabes que o tema da enerxía se anula polo Ministerio que é o que controla a situación e tomouse a decisión para que non se disparase o recibo da luz, tomouse a decisión de inverter douscentos dezasete millóns en ENDESA para que cumpra a normativa europea e dicir que esta empresa é viable está ata 2030 é cunha prorroga ata o 2045, díxenche que o país industrializado a primeira potencia europea que é Alemaña e non vai a pechar ningunha térmica porque a Sra. Ministra esta foi a que trouxo a inestabilidade ao sector do automóbil co tema do gasóleo e agora métese neste charco sen ter falta e soamente cun obxectivo electoral que é gañarse aos ecoloxistas creo que esa non é a situación si ENDESA cumpre ca normativa europea como todos os países europeos puxen o exemplo de Alemaña está adaptado e non vai pechar ningunha térmica e vai cumprir ata o tope de tempo que teñen porque nós imos a facer iso, a primeira medida foi quitar o céntimo enerxético todas as eléctricas que xeran electricidade se lles quitou excepto as térmicas e xa conleva un problema deixar as térmicas co canon do céntimo e si aínda encima por unha cousa





que non inflúe en nada nin incumprimos porque se está invertendo douscentos dezasete millóns de euros pois non é ningunha broma estamos nesa fase para pechar todo iso e votar a xente a rúa e crear unha nova reconversión na comarca que non é reconversión senón desmantelamento desa industria punteira de esa comarca pois eu creo que o que teñen que facer e non facer nada deixalo como está, aquí ninguén está dicindo que se fagan outras cousas deixalo como está que se invertan os douscentos dezasete millóns e que se cumpra a normativa europea non se está pedindo outra cousa é o que se lle está pedindo a ministra que deixe as cousas como está e nada máis, porque nós temos que pechar e o resto dos países europeos non as pechan pois non, e o tema do gasóleo que xerou, que se vendan menos coches a xente que ten que mercar un coche como calquera cidadán normal ten que invertir agora cincuenta mil euros e a xente non está por esa labor entón, como non vai a baixar que deixen as cousas como están é o que temos que facer nesta comarca que ENDESA non se peche iso é o que hai que facer.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que simplemente por puntualizar a intervención dicir que os douscentos dezasete mil millóns de euros é para modernizar a fábrica o que pecha ENDESA é o custo das toneladas de emisión de CO<sub>2</sub> que hai que mercalas no mercado e ao prezo que están non fan a produción de ENDESA efectiva non é rentable entón, alguén aquí inventou que hai cotas de CO<sub>2</sub> como hai cotas de pesca como houbo cuotas da leite e as cuotas de CO<sub>2</sub> re reparten en función das cuotas de mercado como se repartían as cuotas da pesca e s cuotas da leite e ENDESA necesita mercar toneladas de cuotas de emisión porque se pasa as que emite xa se pasan das que teñen asignadas e teñen un prezo desproporcionado no mercado e fan que non faga rendible a produción non os douscentos dezasete millóns que os teñen que invertir por narices para rematar efectivamente ca queima de miúdo entón efectivamente é un problema de cuotas como tivemos ca leite e coa pesca polo tanto, é un problema da UE.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que o BNG non está para nada de acordo cas políticas industriais e enerxéticas do PP, nós pedimos unha tarifa galega, non sei si vostede o sabe entón nós non imos a chegar a un acordo co seu pensamento dende logo, quero recordarlle que o PP gobernou no goberno de estado e polo tanto tivo a ocasións de facer unha políticas enerxéticas e industriais máis acorde co que se nos vai vir, non vale agora que estamos na oposición atacar a quen está no goberno aínda non tendo razón como é o que pasa.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que unha vez rematadas as quendas de intervención imos a someter a votación primeiro a emenda e despois a moción.

Intervén o Sr. Mesías Farías preguntando ao Sr. Alcalde si podería repetir a frase da emenda.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que a emenda sería sería “Adherirnos aos traballos do grupo de Alcaldes sobre ENDESA” que de momento o único acordo que hai é pedir entrevistas e redactar unha táboa de reivindicacións por consenso entón, “Adherirnos aos traballos do grupo de Alcaldes”.

Sometida a votación á emenda presentada polo PSdeG-PSOE “Adherirnos aos traballos do grupo de Alcaldes sobre ENDESA” o Pleno do Concello por 10 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 2 BNG, 1 NAL), e 3 abstencións (3PP), acorda prestarlle a súa aprobación.





En consecuencia queda aprobada a moción “ADOPCIÓN URGENTE DE MEDIDAS QUE SALVEN O FUTURO DA CENTRAL TÉRMICA DAS PONTES” conforme a emenda presentada.

Dáse conta da moción presentada polo BNG “MOCIÓN EN APOIO Á FOLGA DAS CONTRATAS DE MANTEMENTO EN NAVANTIA RÍA DE FERROL” data 30 de setembro de 2019 do seguinte teor literal:

### **MOCIÓN EN APOIO Á FOLGA DAS CONTRATAS DE MANTEMENTO EN NAVANTIA RÍA DE FERROL**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galega, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, en apoio á folga das contratadas INDASA e UTE TECMAN-RAYMA.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O despedimento de 15 persoas, 6 de INDASA e 9 da UTE TECMAN-RAYMA (estes últimos sen previo aviso), alegando motivos económicos, e xusto no momento no que se están a producir as negociacións entre ámbalas &lt; lúas empresas e Navantia para prorrogar os contratos en vigor, non ten unha explicación racional, agás que alguén crea que pode sacar proveito negociando estas prórrogas en pleno conflito social e provocando unha parálise do estaleiro.

O actual cadro de persoal de mantemento foi contratado no seu día pola UTE FERROLVIAL-ELINCO, e polo tanto dimensionado no ano 2016, non existindo daquela unha ocupación do estaleiro maior da que irnos padecer durante os vindeiros dous anos. Este persoal gañou, posteriormente, o dereito a ser subrogado coa negociación do convenio do metal, sendo de dominio público que non foi do agrado nin de Navantia nin das empresas que tiñan expectativas de recuperar no futuro as adjudicacións do mantemento Expectativas que se cumpriron no 2018

Resulta evidente que este dereito de subrogación, pactado no convenio precisamente para dar estabilidade no emprego a colectivos que traballan en servizos de carácter permanente, quedaría baleiro de contido se consentimos despedimentos en momentos puntuais de menos carga de traballo, pasando por alto que para estes casos existen outro tipo de medidas, por exemplo os ERES temporais. Polo que a defensa dos dereitos adquiridos e da súa eficacia real, está moi presente neste conflito

Chegouse, por todo isto, a un primeiro día de folga indefinida, comezando a mesma o 23 de setembro, sen ningún intento de solución por parte das empresas, agás unha imposición de servizos mínimos aos folguistas, ou substituíndoos por outro persoal, sendo todo isto absolutamente ilegal.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS**

I. Apoiar as reivindicacións dos traballadores das empresas de mantemento

**INDASA e UTE TECMAN-RAYMA.**





2.- Instar ás partes a un proceso de negociación que permita a resolución do conflito.

En Ares a 30 de Setembro de 2019

Intervén o Sr. Alcalde explicando que a segunda moción é a moción presentada polo grupo BNG pola vía de urxencia e polo tanto tamén hai que votar a urxencia primeiro, en onde despois dunha exposición de motivos que sobre os despedimentos de traballadores en INDASA e UTE-TECMAN-RAYMA despois da situación de ELINCO pois acorda apoiar as reivindicacións dos traballadores das empresas de mantemento INDASA e UTE TECMAN-RAYMA e instar as partes a un proceso de negociación que permita a resolución do conflito.

Sometida a votación a urxencia da “MOCIÓN EN APOIO Á FOLGA DAS CONTRATAS DE MANTEMENTO EN NAVANTIA RÍA DE FERROL” presentada polo grupo BNG o Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 3 PP, 1 NAL e 2BNG) acorda prestarlle a súa aprobación.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG para expoñer a moción.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que esta é unha moción de apoio as empresas de mantemento de fora de Navantia Ferrol e foi aprobada tamén nalgúns plenos de concellos veciños e fai fincapé na problemática da industria auxiliar das empresas que traballan en Navantia. É por todos coñecido esta problemática e de cómo está derivando tamén a situación das industrias auxiliares, todos coñecemos os amigos, os veciños que están a sufrir tamén este desmantelamento das empresas de INDASA ou de RAYMA é polo tanto este acordo o que pretende é esa solidariedade e ese apoio para presionar dalgunha maneira as partes a un proceso de negociación para tentar de resolver o conflito e por iso que unicamente imos a remitir e a concretar a eses dous acordos que é:

1. Apoiar as reivindicacións dos traballadores das empresas de mantemento **INDASA e UTE TECMAN-RAYMA.**

2.- Instar ás partes a un proceso de negociación que permita a resolución do conflito.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención dando as grazas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que unha vez exposta a moción, imos a fixar posicións.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que imos a apoiar a moción o único que isto ben das auxiliares de Navantia que todos sabemos como é isto e trae estas consecuencias por non haber carga de traballo pois ten estas consecuencias, nos imos a apoiar aos traballadores pero o fundamental de todo é a carga de traballo nos astilleiros.

Remata a súa intervención o Sr. José Manuel Cendán Fernández.





Toma a palabra o Sr. Alcalde temen vamos a votar a favor.

O Sr. Alcalde pregunta ao voceiro de NAL cal é a súa posición.

Responde o Sr. Luis Cendán Fernández manifestando que tamén vai votar a favor.

Sometida a votación a moción "EN APOIO Á FOLGA DAS CONTRATAS DE MANTEMENTO EN NAVANTIA RÍA DE FERROL" presentada polo grupo BNG o Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 3 PP, 1 NAL e 2BNG) acorda prestarlle a súa aprobación.

### **Punto núm. 8.- Rogos e Preguntas.**

Intervén o Sr. Alcalde dando a palabra ao voceiro de BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que hai unhas preguntas do pleno anterior q están sen contestar que pediríamos que o Alcalde responda a esas preguntas, si queres lle recordamos esas preguntas.

Reponde o Sr. Alcalde dicindo que si por favor, así non vou ao despacho.

Intervén o Sr. Mesías Farías formulando as preguntas do pleno anterior.

- 1) A primeira pregunta e sobre a urbanización as Anclas.
- 2) A segunda, reiteramos a pregunta sobre un escrito que fixemos sobre a estrada de Chanteiro sobre os accesos as propiedades sobre esas ramplas que se fixeron e que nalgúns sitios é imposible para os vehículos pasar esa rampla debido a como está trazada e que tocan os vehículos, nós sobre iso presentamos un escrito sobre o acceso as propiedades na estrada de Chanteiro o 3 de setembro onde nós pedíamos que o concello fixera algo respecto a isto trasladándolle aos técnicos da deputación recordándolle.
- 3) A terceira e do 26 de setembro que ten que contestar tamén neste pleno sobre o viaxe a Cuba da Concelleira de Cultura.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dando a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que tamén teñen pendente de resposta tres ou catro preguntas do anterior pleno e solicitei por escrito que se responderán e teño tamén tres preguntas para facer hoxe.

- 1) A primeira pregunta, é ao respecto das obras que se están a facer na Rúa Salazón o cambio de tubarías, alí hai queixas dos veciños porque está aberta rúa e está chea de ratas agora que está aberto sería ben desratizar porque hai cada rata que parecen coenllos, votarlles un pouco de veneno tanto na parte de diante como a de atrás.
- 2) A segunda pregunta sería ao respecto do tema do viaxe, nós queremos sabe en que consiste o viaxe, si se vai a defender intereses ou si hai algún acordo.
- 3) A terceira pregunta e polo tema do ADIF que veu a este pleno si é o último informe sectorial ou si queda algún pendente do plan xeral.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que pregunta sobre ADIF xa a fixeches no pleno anterior.





O Sr. Alcalde manifesta si ten algunha outra pregunta.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que sabemos que tiveches unha reunión o xoves coa Presidenta de Augas de Galicia.

O Sr. Alcalde procede a responder as preguntas do BNG.

- 1) Na urbanización das Anclas hai un cambio de titularidade os novos propietarios preguntan que teñen que facer para solventar o expediente de reposición de legalidade urbanística que teñen aberto e nós lle dixemos que houbo unha orde de execución no seu día onde consta todo o que está mal, lles esiximos tamén que limparan a leira porque non ía a estar sen desbrozar todo o verán, agora teñen que valorar a intervención que teñen que facer conforme a orde de execución ditada o seu día e conforme o plan de urbanismo rural pero quedou vixente de cando tiñan a licenza entón teñen que acomodarse a licenza concedida non hai outra, eles pediron a licenza e teñen que axustarse a licenza concedida en consecuencia, non é certo que co novo plan se legalice nada porque con ovo plan se terá que legalizar o que ten cabida no novo plan pero eles teñen que executar a licenza concedida conforme o planeamento urbanístico anterior por tanto, o concello non pode negarse a que si alguén quere arranxar un problema o arranxe se queren loxicamente cumprir ca execución da licenza loxicamente nós non lle podemos dicir que non están no seu dereito e na súa obriga entón necesitamos saber si van a facelo ou non hai unha orde de execución que está ben porque vincula a todos os propietarios da urbanización e hai unha subrogación persoal o adquirenteponse na mesma situación xurídica que estaba o que transmitiu e en consecuencia teñen que cumprir unha orde de execución os apareladores terán que ir alí e mirar si se axusta o no a licenza concedida no seu momento, co cal a realidade xurídica de esa urbanización era a que había non hai outra.
- 2) En canto os accesos, todos os accesos que se fixeron foron pedidos polos veciños a ninguén se lle obrigou a dar, os veciños tiñan dúas opcións, solicitar o permiso na deputación e facer eles o seu acceso como sempre se fai, queres un acceso a unha estrada da xunta ou da deputación pides permiso e o fas, neste caso como xa había moitos que eran reposicións non se lles obrigou a pedir permiso fixéronse as entradas e as fixeron así entón evidentemente as entradas están feitas e onde hai algunha queixa se lles chama e se mellora a situación pero o que non queira esa entrada sempre lle queda pedir o permiso e facela ao seu gusto pero efectivamente iso ten un custe pero claro a maioría dos veciños non tocan e lles vale ese acceso de feito senón lles fora útil dirían que non o puxeran en consecuencia, se fixo iso porque xa había entradas e volver a pedir autorización efectivamente sería un custe engadido e que se fixo, a deputación fai ese aglomerado que aforra ter que poñer chapa metálica porque si poñen chama metálica habería que pagala e nós poñemos os tubos para os veciños entón nos puxemos os tubos e a deputación ese acceso, que en algún sitio tócalle pois é o que lle dicimos a deputación de onde ten que melloralo porque tócanlle pero xa digo, iso loxicamente non é obrigatorio e a todos nos pasa cando hai unha obra diante da casa e temos que repoñer o vao e unha chapa metálica aí efectivamente chegouse un pouco a esa situación seguramente mellorable, chapas en amarelo pois seguramente habería que pagalas. As novas entradas o concello pagou os tubos e a deputación fixo a entrada en consecuencia naqueles puntos onde segue sendo incómoda sería trasladar a deputación esa mellora.







- 3) En canto o viaxe a Cuba, nós temos unha festividade indiana ademais imos a ingresar nunha asociación de concellos indianos en consecuencia nós temos unha historia que hai que descubrir unha historia que efectivamente di da nosa emigración a esa illa e alí loxicamente hai datos que nos poden loxicamente interesar e hai lazos que nos vai a interesar reafirmar en consecuencia e un entorno dun viaxe onde hai ligazón co poboado, hai ligazón institucional hai ligazón con entidades públicas da illa, a historia a arqueoloxía a emigración que son lazos institucionais que a nós non interesa ter porque temos en mente facer cando se poida da Alianza Aresana un centro de interpretación do mundo indiano por suposto tamén vencellado polo que lle toca a ese mundo como financiador de servizos de educación en consecuencia, pois é un viaxe de 1250€ que comprende viaxe, aloxamento e estimamos que houbo oportunidade para que alguén que representa ao goberno viaxe da man desa ligazón ao consulado que loxicamente lle vai a abrir as portas dunha serie de lazos interesantes para o concello de Ares que nos parece que efectivamente é algo razoable e óptimo, por 1250€ non sei quen pode estar tantos días en Cuba incluíndo avión e hotel ben, nos parece algo moi importante e aínda encima alí se come porque non só se durme e a propia concelleira vai a soportar a comida entón xa non sei que se lle pode pedir máis porque ten dereito tamén a comida, o aloxamento e o viaxe xa vai nos 1250€ e ten dereito a comer como teño dereito eu ao saír de Ares cando saio a unha visita institucional e ela vai a poñer do seu peto que non vai pasar uns gastos aos que ten dereito. Eu teño unha concelleira que vai a emprender esas relacións e con ese custe e a mando eu xa, non fai falta que pida ela que quere ir e nestas condicións máis, e por iso agradezo infinitamente a Alma que de ese paso e tendo fillas e gozando parte das súas vacacións indo soa porque non vai ninguén da súa familia e dicir, non vai co seu marido a pasalo ben en consecuencia, tendo fillas e tendo días de vacacións lle teño que agradecer por facer este viaxe que pode dalgunha maneira vertebrar relacións institucionais que son iniciais e que cando ela este alí serán máis profundas e que ademais vai a traer datos que vai a enriquecer de maneira importante a nosa homenaxe anual aos indianos e o noso enriquecemento coa nosa participación a esa asociación de concellos indianos e cada un ten a súa maneira o seu pasado indiano. Os nosos indianos non foron escravistas, non se fixeron ricos co tráfico de escravos, os nosos indianos mandaron cartos para aquí para facer escolas para os nosos nenos, entón temos que estar moi orgullosos dos nosos indianos polo que tivemos a oportunidade de coñecer os indianos doutros sitios que si o fixeron pero a súa riqueza si que é cuestionable de cómo o obtiveron, imos a descubrir novos indianos e a descubrir novos datos por 1250€ viaxe e aloxamento e non sei que se pode escandalizar por isto e un viaxe que se fai a Cuba porque temos unha festa indiana.

Remata o Sr. Alcalde de responder as preguntas do BNG, continúa respondendo as preguntas formuladas polo PP.

- 1) En canto a Rúa Salazón, cando abrimos a rúa descubrimos que as saídas de fecais non estaban nin pechadas nin illadas seguramente o que fixo isto o fixo mal entón había uns vertidos de fecais porque ao non estar seladas as saídas pois saía a porqueira por fora, esa auga porque baixa da aceira e da estrada levaba area e facía que debaixo da beirarrúa e da estrada estivera baleiro en consecuencia aquilo retumbaba, rompía era un perigo e como





era polos dous lados do edificio decidimos facer a obra pola rúa Salazón e Fomento para dunha vez por todas arranxar o tema das saídas de fecais e tamén renovar a tubaría da auga que xa queda nova e o firme tamén.

- 2) En canto o viaxe a Cuba xa o explique anteriormente.  
Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non ía polo tema económico senón cal é o motivo. Quero deixar moi claro aquí que o tema indiano en Ares no só e festa, hai algunhas cousas que teñen pendentes os aresáns que foron os que doaron as súas propiedades aquí e algún quedaron na ruína e fixéronse cargo os familiares destes.  
Interrompe o Sr. Alcalde dicindo que Fraga viaxou no ano 1989 a illa e asinou un acordo marco con Fidel onde a cambio dunha serie de produtos asumíamos darnos por indemnizados e iso o asinou Fraga no seu momento e se resolveu.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que os indianos non só é festa hai cousas que están na historia e que hai que arranxar e aí hai motivos para estar orgullos porque hai algunha familia e eu pídome contar un caso puntual dun de Ares que tiña un terreo que non valía para nada chegoulle alí un americano que era periodista e claro chegaba todo mareado se fixo simpática a charla e a raíz de iso escribiu un periodista de EEUU e era o establecemento máis famoso que había na Habana co conto do periodista que lle fixo publicidade.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o periodista era Ernest Hemingway e o local se chama a Foridita e era dunha familia de Ares porque eu tiven nas miñas mans as escrituras, pero se viron para aquí e non pediron indemnizacións, efectivamente non pediron non sei canto lles daría iso si que non o sei.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández recordando o caso doutra veciña que o pai andaba pelexando cas escrituras para a indemnización que tamén tiñan negocios de restauración.

- 3) A terceira pregunta sobre quen é o responsable da páxina web do concello dicir que o responsable son eu que son o Alcalde outra cousa e de quen executa materialmente que loxicamente son traballadores do concello pero está claro que todo o que se publica na web é o Alcalde, en canto o criterio que se sigue para publicar os contidos pois é un criterio mecánico e dicir a páxina web do concello ten un algoritmo onde incorpora ao concello todo o que se publica a nivel dixital as noticias que non aparecen son as que non están en dixital. Moitas veces a Voz de Galicia e o Diario de Ferrol ten unha noticia pero non ben no dixital ven só na prensa escrita ti vas a páxina web do Diario de Ferrol ou a da Voz de Galicia do concello de Ares e non atopas un enlace porque ven só en prensa escrita claro, o algoritmo da páxina web iso non o colle, colle automaticamente as noticias dixitais as que non son dixitais teríamos que facerlle unha foto a noticia e subila pero claro, iso automaticamente non se fai en consecuencia polo xeral, publícanse todos os enlaces dixitais e os que non son dixitais si os considero que non teñen importancia lle saco foto e se publica na páxina web do concello o non poño nada o poño directamente no meu Facebook. O porque hai tres publicacións sobre o tema do catamarán e por iso, porque se publican automaticamente as que teñen enlace dixital.





En canto a si se avisou ao 112 de si se trataba de tres queimados, unha vez que os veciños chamaron ao 112 loxicamente doéselle toda a información o único erro foi que se lles dixo que estaba no Chamizo da Campa e ninguén identificaba que era o Chamizo da Campa tiñan que haber dito na praia da Campa. Eu estiven a falar co 112 e contáronme a historia dixerónme o que pasou ao 112 o chamaron veciños do lugar e efectivamente a policía local coordinou dende a primeira chamada a policía que foi aos cinco minutos coordinou toda a intervención.

O Sr. José Manuel Cendán Fernández pide a palabra para explicar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que si xa o sabes non me preguntes.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o protocolo a seguir para facer as cousas ben é o seguinte,.

Responde o Sr. Alcalde preguntando que protocolo si lle deu a un home un ataque ao corazón na praia e lle destes unha copa de guinda.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que el non lle dou nada.

Responde o Sr. Alcalde dicindo, ti non pois eu tampouco estiven alí.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que el non lle morreu ninguén na praia ao anterior alcalde si. Eu o que quero e mellorar, o que se fixo aquí está ben e o protocolo é o normal pero este caso é especial porque é un protocolo de incendios e de queimaduras e eu creo que aquí debería actuarse doutra maneira, debería vir o helicóptero e levalos ao Juan Canalejo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que iso o decide o 112 non nós.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que habería que avisar a Policía Local ou a Protección Civil para saber si hai algún tipo de protocolo porque iso sería inmediato, en dez minutos desprazalos ao Juan Canalejo non que pasen por Ferrol creo que o tema de queimados ten que ser tratado doutra maneira o digo por iso, si hai maneira de facer outro tipo protocolo e avisar a Protección Civil.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non temos competencia nesa área, é unha competencia autonómica.

Continúa novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que eu creo que a unidade de queimados é no Juan Canalejo e que veña o helicóptero.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que iso non o decidimos nós.

- 4) En canto a Resolución da Alcaldía 366/19 en relación coa responsabilidade patrimonial, cal é a pregunta.





Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non saben de que se trata esa resolución e queremos sabelo, podes respondela no próximo pleno que non pasa nada.

- 5) En canto ao Plan de Ordenación Municipal, enviouse na súa integridade a Secretaría Xeral de Urbanismo para a súa aprobación definitiva, eles teñen un mes para revisar a integridade e tres meses para aprobalo definitivamente pois nos mes que revisárona integridade votaron en falta os informes da vía do tren que pasa pola Malata, non caíamos nisto e xa chegou o informe do ADIF e do Ministerio de Fomento, agora o que ten que facer Fernando Delgado e coller eses informes e adxuntalos ao plan, unha vez que teñamos iso imos a comisión de plans para dar conta e automaticamente ao pleno para a súa aprobación, aprobar a reincorporación para remitilos novamente para a aprobación definitiva.
- 6) En canto a data da mesa de contratación para adxudicar a EDAR será cando o secretario veña de vacacións.
- 7) En canto aos acordos que se chegaron no tema da auga foron que me teñen que dar os proxectos eses proxectos xa están practicamente liquidados pero agora hai que facer con PROYFE o proxecto de execución e dicir a Consellería fixo un estudo que determina que hai que cambiar a tubaría de entrada a Ares porque esa tubaría é de 200 e perde máis presión, a tubaría de As Pias a Franza que é de 300 pois a tubaría que engancha a Ares perde máis presión que todo o tramo das Pias a Franza, hai que cambiar esa tubaría a unha de 350 e hai que facer uns depósitos no Alto de Simou porque o Alto de Simou vai a cota para que a todos os pisos lle chegue a auga cousa que Os Castros non da cota entón efectivamente, chegamos a que hai que cambiar esa tubaría e facer esa obra de 350 e facer uns depósitos de 6000 m<sub>3</sub> no Alto de Simou, en consecuencia efectivamente imos a executalo e afortunadamente o vai a cofinanciar a Deputación da Coruña a Xunta de Galicia e o Concello de Ares e esa é a situación na que estamos coa Consellería que se redacte o proxecto de execución e unha vez que se redacte que se saque a concurso e se financie por parte destas tres administracións.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

*Documento asinado electrónicamente polo Alcalde-Presidente*

*Documento asinado electrónicamente polo Secretario-Interventor*

